

# CANTANDO BAIXO A CHUVIA

# 37

[Stanley Donen, Gene Kelly, 1952]

ESTREA EN NUMAX: 31.07.2015 | v.o.s.e

## FICHA TÉCNICA

Singin' in the Rain (1952, 102')

**Dirección:** Stanley Donen, Gene Kelly

**Guión:** Betty Comden, Adolph Green

**Reparto:** Gene Kelly, Donald O'Connor, Debbie Reynolds, Jean Hagen, Millard Mitchell, Cyd Charisse, Rita Moreno, Douglas Fowley

**Montaxe:** Adrienne Fazan

**Dirección de arte:** Randall Duell, Cedric Gibbons

**Vestiario:** Jacques Mapes, Edwin B. Willis

**Música:** Nacio Herb Brown, Arthur Freed

**Fotografía:** Harold Rosson, John Alton

**Produtora:** MGM (Arthur Freed)

**Distribuidora:** Classic Films

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1,37:1

## FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

*Un día en Nueva York*, 1949

*Siempre hace buen tiempo*, 1995

*Invitación a la danza*, 1956

*Mi marido se divierte*, 1958

*Guía para el hombre casado*, 1967

*Hello, Dolly*, 1969

*El club social de Cheyenne*, 1970

*Hollywood, Hollywood*, 1976

## SINOPSE

Antes de coñecer a aspirante a actriz Kathy Selden (Debbie Reynolds), o ídolo do cinema mudo Don Lockwood (Gene Kelly) pensaba que o tiña todo: fama, fortuna e éxito. Pero cando a coñece decátase de que ela é o que realmente faltaba na súa vida. Co nacemento do cinema sonoro, Don quere filmar musicais con Kathy, pero entre eles se interpón a raíña do cinema silente, Lina Lamont (Jean Hagen).

«Non existe un musical tan pouco gratuito coma este, que non aspira ao encantamento dos sentidos senón ao do corazón.»

Claude Chabrol

CAHIERS DU CINÉMA



# CANTANDO BAIXO A CHUVIA

[Stanley Donen, Gene Kelly, 1952]

## Cantando bajo la lluvia

Vicente Molina Foix

Pensar que hai persoas, algunhas sensibles, que teñen fobia do cine musical. Non son exactamente as mesmas a quen lles amola a ópera. O que si, ambos grupos coinciden no rexeitamento da inverosimilitude de escoitar a unha soprano obesa largar un aria morrendo de tise no chan, ou ver unha parella de namorados prometerse fidelidade zapateando. Nos *operatófobos* adoita estar implícita a loita de clases (esa queixa de que se trata dunha arte elitista, pagada e concibida para o afago dos reis, da aristocracia e dos altos burgueses), mentres que os inimigos da arte musical o rexeitan pola súa tradición demótica, burlesca e cabareteira. Alá eles, que se perden a arte do maior matemático demente que deron as artes visuais (Busby Berkeley), ou descoñecen a sutileza inxenua e sentimental coa que Jacques Démy puxo música á guerra de Arxelia (*Os paraugas de Cherburgo*) e ás folgas dos operarios da metalurxia franceses (*Unha habitación na cidade*). Agora ben, atrevome a dicir que non hai ningún —nin buscando entre os máis recalcitrantes antimusicais— inmune a *Cantando baixo a chuva*, unha película sobre a que cae o balón de consenso máis baboso do cine, quizáis unicamente superado por *Casablanca*.

É abraiante o partido dramático que Gene Kelly lle saca ao seu paraugas. A felicidade que irradia *Cantando baixo a chuva* non é sen embargo *ñoña* nin estúpida, dúas concesións que os amantes do xénero estamos dispostos, a cambio do claqué de Fred Astaire, a outorgarlle a algúns dos títulos clásicos do Hollywood musical dos anos trinta. E o seu *happy end*, coa apoteose do *cartelón* de película poñendo nun abismo a propia parella central (Gene Kelly/Debbie Reynolds) que o contemplan diante súa, que chega despois dunha das escenas máis crueis do afable reino da comedia: a descuberta ante o público da habelencia coa que Lina Lamont (extraordinaria Jean Hagen), que non sabe falar nin cantar, trata de proseguir a súa carreira estelar pese á chegada do cine falado (a escena convértese, por outra banda, nunha demoledora alegación contra a dobraxe). Carteis e

panos, focos na fachada dos teatros e nos estudos, cámaras de manivela e discos de cera, decorados pomposos ou esquemáticos: *Cantando baixo a chuva* é a epopea cómica dun momento definitivo da sétima arte, —o paso do mudo ao sonoro— e dentro deste rexistro unha das grandes obras mestras do cine dentro do cine. Concibida orixinalmente para a pantalla e non como adaptación dun musical de Broadway, *Cantando baixo a chuva* conta cun soporte dramático dunha lixeireza moi similar á habitual do xénero, pero o produtor (e artífice dos mellores musicais da Metro) Arthur Freed e os seus guionistas Adolph Green e Betty Comden tiveron un sostido brote de xenio para transcender o pretexto de partida da película, que era empregar e, como se di agora, facer versións de cancións famosas xa escoitadas en filmes dos anos trinta, a maioría escritas por outra parella lendaria, o compositor Nacio Herb Brown e o seu letrista, non outro que Arthur Freed. E xa que a base musical era anacrónica, os co-guionistas decidiron recolocala —cunha intención satírica que non excluía nostalgia— no pequeno mundo aveludo dos primeiros musicais de Hollywood. Despois de Green/Comden e Brown/Freed, a terceira parella que sela a mestría de *Cantando baixo a chuva* é a dos seus codirectores, Gene Kelly, excelente solista e coreógrafo xa moi fogueado no cine musical dos anos corenta, e Stanley Donen, entón no comezo da súa carreira de director e cun útil «pasado», abandonado de contado, de bailarín de conxunto. Ao tándem Kelly/Donen débese algo cinematograficamente portentoso convertido por eles en natural: a cámara de esta película é sempre lírica, anticipando cos seus maxestosos movementos de guindastre o salto da danza, baixando ao chan cando alí hai un claqué ou a perna sen fin de Cyd Charisse, e poñéndose sinxelamente á altura do rostro humano para captar eses pequenos números de musicalidade intimista (*Fai rir*, *Bos días* ou *Moses Supposes*, a divertidísima parodia de dous amigos mareando ao mestre de dicción.)

[...]

Fragmento de *Cantando bajo la lluvia* de Vicente Molina Foix publicado en EL PAÍS, 1 de xullo de 2005.

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org